

AGORA SI TOCA!

Durante estes meses de pandemia, as organizacións sindicais que asinamos este escrito demostramos con fartura o noso compromiso coa sociedade española. Baixo a premisa do consenso, nuns momentos de tremenda dificultade, impulsamos unha serie de acordos que permitiron a construción dunha inédita rede de protección para o tecido produtivo e as persoas deste país. Con isto impedimos que, fronte a crises anteriores, se destrúisen millóns de postos de traballo e miles de empresas, imprimindo así unha dirección de signo distinto, social, á política que se ha practicar ante as dificultades por mor da aparición e extensión da COVID-19.

Porén, nestes momentos en que, aínda de forma tímida, xa se albisca a saída da crise, encontrámonos con posicións no Goberno que, amparadas en inexistentes condicionamentos europeos ou en bloqueos inxustos da patronal, impiden avances en ámbitos esenciais e imprescindibles para a igualdade social e a distribución da riqueza. Sen eses avances, a saída da crise efectuarase, coma en crises anteriores, á custa da clase traballadora. Isto non o podemos permitir.

Desta forma, nos últimos meses topámonos por sorpresa ante situacións inaceptables.

A conxelación do salario mínimo interprofesional, separándose da liña de acción maioritaria dos países do noso ámbito. Móstrase unha inaudita compracencia con sectores empresariais non prexudicados pola crise e négaselles aos sectores máis precarios da clase traballadora, aqueles aos que non chega a negociación colectiva, unha protección indispensable nunha condición material tan esencial para o seu desenvolvemento vital como é a retribución.

A negativa á derogación da reforma laboral do 2012, coa que se tenta perpetuar o absoluto desequilibrio que as aludidas reformas legislativas deixaron no marco do noso mercado de traballo, acernando a negociación colectiva e os dereitos das persoas traballadoras e facilitando o enriquecemento duns poucos sobre as necesidades de moitos.



**SUBIR
O SMI**

**DERROGAR
A REFORMA
LABORAL**

**DERROGAR
A LEI DE
PENSIONES
DE 2013**

#AgoraSiToca

AGORA SI TOCA!

A inacción ante situacións insostibles. O Goberno asiste impertérrito ás múltiples sentenzas que ás claras amosan a actuación ilícita dun sector empresarial, as plataformas dixitais, que decidiu facer da explotación e a fraude o eixe central dos seus beneficios. Entrementres, continúan paralizadas unhas negociacións nas que cada semana asistimos a unha rebaixa das expectativas.

Anuncios sobre indixeribles cambios na política de pensións. Os compromisos do Pacto de Toledo foron completamente terxiversados. Fronte á anunciada derogación da reforma do 2013, sorpréndesenos nos medios de comunicación con declaracións sobre a necesidade de diminuír o gasto en pensións e de articular cambios para ampliar o período necesario para calcular a base reguladora da pensión, todos dirixidos ao empobrecemento dun dos sectores máis febles da nosa sociedade. Abandónanse de forma intolerable compromisos políticos para apoiar teorías que só poden ter como obxectivo dar un paso máis na destrución do sistema de pensións deste país.

En suma, a actual situación política require que as organizacións sindicais asinantes deamos un paso á fronte, chamadas a efectuar todo o esforzo necesario para impedir que as actuacións relacionadas e outras cheguen a termo, quebrando unha liña política comprometida co progreso, a xustiza social e a distribución da riqueza. Por iso, solicitámosvos a todas e a todos que participedes nas accións que imos levar a cabo, co claro fin de alumiar os cambios que esta sociedade necesita e non outros. Porque

AGORA SI TOCA!



**SUBIR
O SMI**

**DERROGAR
A REFORMA
LABORAL**

**DERROGAR
A LEI DE
PENSIONES
DE 2013**

#AgoraSiToca